




Area / Unidade PERSONAL PE0000 SLR	Documento 10816I0B2P	
Código de verificación  682P 6T21 4G6S 5E2O 1CSH	Expediente 108/2021/286	
	Data 08-08-2022	

Asunto: Listaxe de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura temporal de prazas de técnico/a de apoio social

RESOLUCIÓN

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Por Resolución do 25/03/2019 (BOP núm. 100 do 29/05/2019) da Concelleira delegada de Facenda e Administración, convocouse un proceso selectivo para a cobertura, como persoal funcionario de carreira, pola quenda libre, dunha praza de técnico/a de apoio social, da escala de Administración especial, subescala técnica (subgrupo A2) correspondente á Oferta de emprego público do ano 2016.

Segundo.- Rematado o dito proceso selectivo, de conformidade coas bases da convocatoria e a coa Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, o 11/07/2022 a Secretaria do tribunal publicou un anuncio na páxina web do Concello da Coruña, coa listaxe de agarda provisional das persoas aspirantes que superando algún dos exercicios da fase de oposición non obtiveron praza.

Terceiro.- Segundo o artigo 2.3 da Instrución 4/2017 sobre o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal interino do Concello da Coruña, as persoas incluídas na dita listaxe provisional de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a de apoio social, da escala de Administración especial, subescala técnica (subgrupo A2), dispoñen dun prazo de 10 días hábiles para formular alegacións e presentar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria.

Cuarto.- O devandito prazo de alegacións rematou o 26/07/2022.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeira.- A Instrución 4/17 que regula o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento de persoal funcionario interino do Concello da Coruña establece, no seu artigo 2, que con carácter xeral, para a cobertura de prazas con persoal funcionario interino acudirase ás listas de agarda creadas tras as distintas convocatorias dos procesos selectivos das mesmas prazas ou categorías. Estas listaxes de persoal funcionario interino

estarán constituídas polas persoas aspirantes que superasen algún dos exercicios da fase de oposición que integren o proceso selectivo.

No caso de procesos selectivos convocados polo sistema de concurso-oposición, só se terá en conta a puntuación obtida na fase de concurso ás persoas aspirantes que superasen todos os exercicios da fase de oposición.

A orde de prelación das persoas que formen parte destas listaxes virá determinada pola totalidade da puntuación obtida no proceso selectivo, sumada a puntuación dos exercicios da fase de oposición e, no seu caso, da fase de concurso.

Segunda.- De conformidade co establecido no artigo 2 da devandita instrución, as listas de agarda publicaranse provisionalmente, abrindo un prazo de 10 días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación daquelas, para que as persoas interesadas realicen alegacións e acheguen a documentación que estimen procedente.

Terceira.- Publicada a listaxe provisional de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a de apoio social (subgrupo A2) nas circunstancias reguladas no artigo 10.1 do Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, con data do 11/07/2022, sen que as persoas interesadas presentasen alegacións durante o prazo concedido ao efecto e habendo xustificado os requisitos esixidos na convocatoria, procede elevar a definitiva a devandita listaxe nos seguintes termos:

Apelidos e Nome	Concurso	1º exerc.	2º exerc.	3º exerc.	Total
Lamas Beceiro Mónica	08,00	45,60	40,15	18,25	112,00
Maceiras Gestal, Jessica		42,80	35,30		78,10
Vázquez Rodríguez, Juan José		35,60	38,85		74,45
Otero Vaamonde, Mª José		30,60	36,85		67,45
Trillo Ramos, Mª del Carmen		37,20			37,20
Díaz Varela, Marta Mercedes		33,20			33,20

Cuarta.- O órgano que ostenta a competencia en materia de persoal, segundo o disposto no art. 127.1. da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, é a Xunta de Goberno Local. Por acordo da Xunta de Goberno Local de data 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), atribúese delegación xenérica en materia de xestión de persoal ao Concelleiro delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior.

Á vista do informe emitido polo servizo de Recursos Humanos, o Concelleiro de Economía, Facenda e Réxime Interior por delegación da Xunta de Goberno Local do 28/06/2019 (BOP núm. 124 do 03/07/2019), en uso das facultades que ten conferidas,

RESOLVE:

Primeiro.- Deixar sen efectos a lista de agarda de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a de apoio social (subgrupo A2) aprobada por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración do 8/08/2017.

Segundo.- Aprobar a listaxe definitiva de persoal funcionario interino para a cobertura de prazas de técnico/a de apoio social (subgrupo A2) nos distintos supostos regulados no artigo



10.1 do Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, derivada do proceso selectivo convocado por Resolución da Concelleira delegada de Facenda e Administración do 25/03/2019 (BOP núm. 100 do 29/05/2019), nos seguintes termos:

Apelidos e Nome	Concurso	1º exerc.	2º exerc.	3º exerc.	Total
Lamas Beceiro Mónica	08,00	45,60	40,15	18,25	112,00
Maceiras Gestal, Jessica		42,80	35,30		78,10
Vázquez Rodríguez, Juan José		35,60	38,85		74,45
Otero Vaamonde, Mª José		30,60	36,85		67,45
Trillo Ramos, Mª del Carmen		37,20			37,20
Díaz Varela, Marta Mercedes		33,20			33,20

A orde de prelación das persoas aspirantes nesta listaxe ven establecida pola suma da puntuación obtida na fase de oposición, e, no seu caso, na fase de concurso.

Terceiro.- Esta listaxe terá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación na páxina web e no taboleiro de edictos e anuncios do Concello da Coruña.

Cuarto.- Esta listaxe será xestionada de conformidade coa Instrución que regule o procedemento de creación e xestión de listas de agarda para o nomeamento do persoal funcionario interino do Concello da Coruña vixente.

Quinto.- De acordo co previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse, con carácter potestativo, un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que a ditou ou un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa contados a partir do día seguinte ao da publicación da disposición impugnada ou ao da notificación ou publicación do acto que poña fin á vía administrativa. No caso de interpoñer un recurso de reposición, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación presunta.

A Coruña, na data da sinatura electrónica deste documento

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, P.D.

Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior
José Manuel Lage Tuñas

COPIA AUTÉNTICA. El documento electrónico ha sido aprobado. Este documento ha sido firmado por Concelleiro Delegado de Economía, Facenda e Réxime Interior (JOSE MANUEL LAGE TUNAS) a las 13:17 del día 08/08/2022 y por ACTIVIDAD CORPORATIVA -AYTO A CORUNA a las 13:17 del día 08/08/2022. Mediante el código de verificación 682P6TZ14G6S5E2O1CSH puede comprobar la validez de la firma electrónica de los documentos firmados en la dirección web https://sede.coruna.gal/Anotada en el Libro de Resoluciones por delegación de la JGL con el núm. COR/RES/17647/2022 el 08/08/2022